



Guía Docente				
Datos Identificativos				2017/18
Asignatura (*)	Deseño curricular e didáctica das artes plásticas e visuais		Código	652611B21
Titulación				
Descritores				
Ciclo	Período	Curso	Tipo	Créditos
Mestrado Oficial	Anual	Primeiro	Obrigatoria	6
Idioma	CastelánGalego			
Modalidade docente	Presencial			
Prerrequisitos				
Departamento	Didácticas Específicas e Métodos de Investigación e Diagnóstico en Educación			
Coordinación	Mesías Lema, José María	Correo electrónico	jose.mesias@udc.es	
Profesorado	Macho Eiras, Javier	Correo electrónico	javier.macho@udc.es	
	Mesías Lema, José María		jose.mesias@udc.es	
Web	www.udc.es/sotanolarte			
Descrición xeral	A finalidade de calquer proxecto formativo, así como o plantexamento desta materia, debe implicar aos estudantes nun proceso de aprendizaxe persoal que traspase os créditos da materia, para dotalos dunha estrutura metodolóxica que lles permita desenvolver a súa futura profesión de forma creativa como mestres de primaria. Precisamente, o motor desta proposta docente é brindar oportunidades de aprendizaxe, de descubrimento de novos saberes, de experimentación e coñecemento dos fenómenos artísticos na educación, en base as motivacións do alumnado. Ademais, a intención desta materia é que o alumnado entenda o ensino como un proceso artístico, con carácter propio.			

Competencias do título	
Código	Competencias do título

Resultados da aprendizaxe		
Resultados de aprendizaxe	Competencias do título	
	AP2	CM3
	AP3	CM4
	AP4	CM7
	AP5	
	AP6	
	AP9	
	AP10	
	AP11	
	AP12	

Contidos	
Temas	Subtemas
BLOQUE 1: A EDUCACIÓN DAS ARTES PLÁSTICAS VISUAIS COMO OBXECTO DE ESTUDIO.	Concepto interdisciplinar da Educación Artística. Perspectiva histórica da Educación Artística. Teorías da evolución artística en E. Secundaria. Teorías do ensino da arte. Procesos de aprendizaxe artístico en Secundaria. Campos de aprendizaxe: productivo, crítico e cultural.
BLOQUE II: ARTE CONTEMPORÁNEA E CULTURA VISUAL COMO DETONANTE DA DIDÁCTICA DAS ARTES PLÁSTICAS E VISUAIS	Arte contemporánea e cultura visual. Estética relacional e cultura visual na etapa da E. Secundaria. Instalacións, net-art, video-art, performance, etc. Posmodernidade na arte contemporánea e na educación. Museos e artistas. Departamentos de Educación dos museos. Obradoiros artísticos nos museos.
BLOQUE III: DESEÑO CURRICULAR EN SECUNDARIA	Deseño curricular de secundaria.Lexislación vixente. Programacións e Unidades Didácticas.



BLOQUE IV: O CURRÍCULO ARTÍSTICO BASEADO EN PROXECTOS.	Metodoloxía a/r/tography. Elaboración e exemplificación de proxectos artográficos en E. Secundaria.
---	---

Planificación				
Metodoloxías / probas	Competencias	Horas presenciais	Horas non presenciais / traballo autónomo	Horas totais
Lecturas	A2 A5 A6 A9 A10 A11 A12 C3	1	10	11
Investigación (Proxecto de investigación)	A4	15	50	65
Prácticas de laboratorio	C7	15	15	30
Sesión maxistral	C4	11	0	11
Obradoiro	A3	24	0	24
Atención personalizada		9	0	9

*Os datos que aparecen na táboa de planificación son de carácter orientativo, considerando a heteroxeneidade do alumnado

Metodoloxías	
Metodoloxías	Descrición
Lecturas	Selección de textos básicos de lectura obrigatoria para a realización dos diferentes proxectos propostos.
Investigación (Proxecto de investigación)	Elaboraranse tres proxectos artísticos ao longo da materia, un de carácter individual e dous de carácter grupal.
Prácticas de laboratorio	Entendendo esta metodoloxía como un laboratorio de artistas.
Sesión maxistral	Exposición dos contidos que conforman a Educación Artística como obxecto de estudo.
Obradoiro	Levarase a cabo diferentes obradoiros artísticos que irán conformando cada un dos proxectos que ten que presentar o estudante.

Atención personalizada	
Metodoloxías	Descrición
Obradoiro Investigación (Proxecto de investigación) Prácticas de laboratorio	A realización dos proxectos conleva un seguimento personalizado por parte do profesor acerca dos procesos que cada estudante levará a cabo.

Avaliación			
Metodoloxías	Competencias	Descrición	Cualificación
Investigación (Proxecto de investigación)	A4	Avaliación dos tres proxectos, individual + 2 grupais.	100

Observacións avaliación



Sen dúbida, existen infinidade de formas e maneiras de avaliar, tantas como metodoloxías de ensino-aprendizaxe. Nesta guía docente plantexouse a educación como un proceso artístico, polo que a avaliación que aquí se plantexa, coherentemente, mana desde esta perspectiva. Deste xeito, tal e como plantexa Eisner (1995: 188), "a avaliación é unha ferramenta educativa mediante a cal pode exercerse a intelixencia profesional en beneficio dos estudantes". Isto ven a demostrar que avaliar é cuestión de dous implicados: estudantes e o profesor, polo que os criterios deben ser reflexionados e acordados en grupo. Ademais, en ocasións se lles pedirá ao alumnado que elaboren autoavaliacións, mediante unha reflexión persoal e crítica dos procesos que experimentaron. Como se pode intuír, esta materia implica un compromiso forte do estudante co seu propio proceso de aprendizaxe artístico. Deste xeito a asistencia a clase resulta necesaria, non como unha obrigaón -que tamén o é no espazo europeo de educación superior-, dado que os procesos viviranse na propia aula e o transcurso da materia írase construíndo entre todos. A asistencia non é un formalismo, senón que se exige a participación activa e crítica do alumno dentro da aula. Tendo en conta isto, como criterios de calificación, haberá que aprobar todos os proxectos por separado para superar a materia. Na calificación final, a parte da nota media obtida nos tres proxectos, de maneira cualitativa terase MOI EN CONTA o grado de implicación do alumnado, de experimentación, de autoexigencia, de satisfacción persoal así como a capacidade de síntese e reflexiva do estudante ao longo do curso.

Fontes de información

Bibliografía básica

- Acaso, M. (2006). EL LENGUAJE VISUAL. Barcelona: Paidós
- Acaso, M. (2009). LA EDUCACIÓN ARTÍSTICA NO SON MANUALIDADES. Madrid: Catarata
- Agra, M.J (1999). O ESPAZO DA ARTE NA EDUCACIÓN. Santiago de Compostela: USC.
- Agra, M.J (2003). LA FORMACIÓN ARTÍSTICA Y SUS LUGARES. Educación Artística, Revista de Investigación.
- Agra, M.J (2007). LA EDUCACIÓN ARTÍSTICA EN LA ESCUELA. Barcelona: Graó
- Calaf, R. & Fontal, O. (2010). CÓMO ENSEÑAR ARTE EN LA ESCUELA. Madrid: Síntesis
- Efland, Freedman & Stuhr (2003). LA EDUCACIÓN EN EL ARTE POSMODERNO. Barcelona: Paidós
- Eisner, E. (1995). EDUCAR LA VISIÓN ARTÍSTICA. Barcelona: Paidós
- Eisner, E. (2004). EL ARTE Y LA CREACIÓN DE LA MENTE. Barcelona: Paidós
- Huerta, R. (2001). ESPIRITU DE TRASATLÁNTICO, CONDICIÓN DE PATERA. Revista Aula, nº 106.
- Marín Viadel, R. (2003). DIDÁCTICA DE LA EDUCACIÓN ARTÍSTICA. Madrid: Pearson Education
- Marín Viadel, R. (2000). DIDÁCTICA DE LA EXPRESIÓN PLÁSTICA O EDUCACIÓN ARTÍSTICA. Madrid: Síntesis
- Mirzoeff, N. (2003). INTRODUCCIÓN A LA CULTURA VISUAL. Barcelona: Paidós

Bibliografía complementaria

Recomendacións

Materias que se recomenda ter cursado previamente

Materias que se recomenda cursar simultaneamente

Materias que continúan o temario

Observacións

Asistencia, participación activa, compromiso, responsabilidade, autoexigencia; e moita ilusión por aprender novas metodoloxías.

(*A Guía docente é o documento onde se visualiza a proposta académica da UDC. Este documento é público e non se pode modificar, salvo casos excepcionais baixo a revisión do órgano competente dacordo coa normativa vixente que establece o proceso de elaboración de guías